

# CICLO PRINCIPAL

OUTONO  
2024

---



## CICLO PRINCIPAL

OUTONO 2024

### SETEMBRO

Venres 13 e sábado 14

**TAN SOLO EL  
FIN DEL MUNDO**

Venres 27 e sábado 28

**DON RAMÓN  
MARÍA DEL  
VALLE-INCLÁN**

### OUTUBRO

Sábado 05 e domingo 06

**BODAS DE  
SANGRE**

Venres 18 e sábado 19

**EN MITAD DE  
TANTO FUEGO**

Venres 25 e sábado 26

**O DRAGÓN  
DE OURO**

## CICLO PRINCIPAL

OUTONO 2024

### NOVEMBRO

Venres 08 e sábado 09

**ME LLAMO  
SULEIMÁN**

Xoves 14

**TERCEIRO ACTO**

Venres 15

**EL TESTAMENTO**

Sábado 23

**THE MINISTRY  
OF UNRESOLVED  
FEELINGS**

Venres 29 e sábado 30

**PRIMA FACIE**

### DECEMBRO

Venres 13 e sábado 14

**ENTREGA EN MAN**

Venres 20 e sábado 21

**YERMA**

Sábado 28

**CONCERTO DE  
ALBERT PLA  
¿OS ACORDÁIS?**



## TAN SOLO EL FIN DEL MUNDO

De Jean-Luc Lagarce

Produción de Teatro Español e de Teatro Kamikaze

Louis fuxiu desa familia durante anos. Abandonounos. Escapa de alí para construír unha vida nova ás costas da familia na que creceu. E cando recibe a noticia da súa inminente morte, decide volver como o fillo pródigo para, di el, comunicar a súa morte. Buscando non se sabe moi ben que: o peche dun ciclo?, o perdón pola súa ausencia?, a calor daqueles aos que renunciou pero que lle seguirán sendo fieis nestes últimos pasos da súa vida?, o reencontro con ese paraíso perdido que é a infancia? Louis non conseguirá comunicar a noticia, pero daralles a oportunidade a eles –a súa nai, os seus irmáns e a súa cuñada– de mostrarlles o que significou a súa ausencia e a dor que lles provocou.

### REPARTIMENTO:

Irene Arcos, Yune Nogueiras, Raúl Prieto, María Pujalte, Eneko Sagardoy e Gilbert Jackson

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Israel Elejalde  
**Deseño escenografía:** Monica Boromello  
**Deseño iluminación:** Paloma Parra  
**Deseño son:** Sandra Vicente  
**Vestuario:** Sandra Espinosa  
**Composición musical:** Alberto Torres  
**Deseño vídeo:** Pedro Chamizo  
**Axudante de dirección:** Toni García  
**Traducción texto:** Coto Adán  
**Produción executiva:** Pablo Ramos Escola  
**Dirección de produción:** Aitor Tejada e Jordi Buxó  
**Distribución:** Caterina Muñoz Luceño

### DURACIÓN ESTIMADA:

95 minutos (sen intermedio)

### ENTRADAS:

Tarifa *FIN DEL MUNDO*



## DON RAMÓN MARÍA DEL VALLE-INCLÁN

De Xavier Albertí

Produción do Teatro Español e Bravo Teatro

Esta é a historia dun momento onde escribir e vivir podían aínda conxugarse sinónicamente. Hai escritores que deciden selo para ensinarnos un virtuosismo, para ensinarnos unha forma de tecer con sílabas, palabras, acústicas ou formas de mirar, e hai outros que primeiro necesitan vivir un berro interior e despois de vivilo saben tecer con palabras esa vivencia. Esta é a historia dun Madrid que xa non existe, un Madrid que naceu no cambio de século despois da perda dunha guerra,

dunhas colonias, da perda dunha esperanza, dunha forma de entenderse no mundo. Un Madrid que se empeza a construír co desastre de Cuba, Filipinas e Porto Rico e que se desvanecerá con outra guerra, a do 36. Esta tamén é a historia da bohemia, das vangardas, da pintura, da música e de como os medios de comunicación de masas chegan á nosa cultura para non irse xamais. É a historia dunha mirada, a de Don Ramón Gómez da Serna. A mirada atopa unhas palabras e esas palabras buscan un eco na vida e a obra de Don Ramón María del Valle Inclán. É un diálogo, un diálogo entre ecos, un diálogo fantasmagórico, un diálogo desde as ausencias. É unha reflexión sobre a validez da literatura para entender a vida. É a literatura como columna vertebral dunha vida. É un espectáculo que nos ten que facer intuír, entender, sintonizar, vibrar, sentir os ecos dunha época impresionante, dunha época onde a arte e a vida dábanse a man. Quizá esa época volva estar viva entre nós.

### REPARTIMENTO:

Pedro Casablanc  
 Piano: Mario Molina

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Xavier Albertí  
**Deseño de iluminación:** Juan Gómez-Cornejo (AAI)  
**Axudante de dirección:** Jorge Gonzalo  
**Coordinador xeral:** Jacinto Bravo  
**Produción executiva:** Salvador Aznar

### DURACIÓN ESTIMADA:

67 minutos (sen intermedio)

### ENTRADAS:

Tarifa *E*





## BODAS DE SANGRE

De Federico García Lorca

Produción de Teatro del Temple

Escrita en 1932, *Bodas de sangre*, baséase nun suceso real, acaecido en Almería en 1928. Todo empezou cunha boda á que a noiva non acudiu. Pouco despois atopouse o cadáver dun dos seus curmáns e moi preto de aí apareceu ela, co vestido desgarrado. Lorca, admirado por como a vida nos brinda novos dramas dun modo inesperado, tece unha obra na que se dan cita as paixóns que nos fan humanos, desde o amor ata o sufrimento, a vinganza, o medo e o odio. O resultado é unha sobrecolleadora traxedia que dá forma a unha idea lorquiana: aos seus personaxes téñenselles que ver «os ósos e o sangue».

¡Ay muerte que sales!  
Muerte de las hojas grandes.  
¡No abras el chorro de la sangre!  
¡Ay muerte sola!  
Muerte de las secas hojas.  
¡No cubras de flores la boda!  
¡Ay triste muerte!  
Deja para el amor la rama verde.

### REPARTIMENTO:

Irene Alquézar, Minerva Arbués, Jacobo Castanera, Alba Gallego, Félix Martín, Alberto Pérez Paz e Claudia Siba

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Carlos Martín

**Axudante de dirección e coordinación técnica:**

Alfonso Plou

**Música:** Gonzalo Alonso

**Espazo escénico:** Carlos Martín

**Iluminación:** Tatoño Perales

**Vestuario:** Ana Sanagustín

**Maquillaxe:** Virginia Maza

**Fotografía:** Toni Galán

**Deseño gráfico:** Línea Diseño

**Realización de escenografía:** Ibón Baquero

**Equipo de produción:** Pilar Mayor e Pilara Pinilla

**Técnico en xira:** Federico Martín e Javi López

### DURACIÓN ESTIMADA:

90 minutos (sen intermedio)

### ENTRADAS:

Tarifa A



## EN MITAD DE TANTO FUEGO

De Alberto Conejero

Produción de Grec Festival de Barcelona e Miramedia

Desexo, guerra, deserción, poder, violencia, patria... Alberto Conejero comparte co público a beleza, o misterio e a escuridade dun poema épico a través do cal dialoga coa condición humana e enlaza épocas diversas. Combina voces do pasado e do presente. Faino a partir do personaxe de Patroclo, compañeiro de armas de Aquiles. Unha montaxe a partir da *Ilíada* de Homero e outros textos, que nos achega a unha obra fundamental da literatura clásica grega.

Intérprete, dramaturgo e director. Tres grandes talentos presentan un espectáculo que é tanto unha canción de guerra como un oratorio polas vítimas; un monólogo sobre o que fan nos corpos palabras e ideas como “gloria”, “honra” ou “patria”; un poema escuro no cal se fala da violencia do campo de batalla, pero tamén da violencia do desexo. Porque a *Ilíada* empeza coas desercións de dous homes que se aman e que abandonan o campo de batalla dez anos despois de que a guerra empezase. Seguimos falando da guerra de Troia porque aínda segue ardendo.

### REPARTIMENTO:

Rubén de Egüía

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Xavier Albertí

**Deseño de iluminación:** Xavier Albertí e Toni Ubach

**Axudante de dirección:** Adrián Novella

**Xefe Técnico:** Toni Ubach

**Produción executiva:** Miramedia Universe SL

**Coordinación de prod.:** Elena Martínez e Roser Soler

**Produción:** Grec Festival de Barcelona e Miramedia Universe SL

**Colaboradores:** Teatros del Canal, Sala Beckett, Ministerio de Cultura e Deporte

**Imaxe gráfica:** María la Cartelera

**Reportaxe fotográfico:** David Ruano

**Grabación video:** Albert Miret

### DURACIÓN ESTIMADA:

65 minutos (sen intermedio)

### ENTRADAS:

Tarifa B



# O DRAGÓN DE OURO

De Roland Schimmelpfenning

Sarabela Teatro



Unha noite, nun edificio de varios pisos, nalgún lugar de Europa: un mozo chinés sofre unha forte dor de moas na cociña do restaurante de comida rápida Tailandés - Chinés - Vietnamita, O Dragón de ouro. Non ten permiso de residencia e tampouco atopa a súa irmá desaparecida. No balcón, sobre o Dragón de Ouro, un ancián quere retroceder no tempo mentres a súa neta, grávida, está diante das ruínas da súa relación porque o seu mozo non quere fillos. No piso de abaixo, un home, deixado pola súa muller, visita ao seu amigo, un tendeiro enigmático que obriga a unha moza chinesa á prostitución. Dúas azafatas comen no restaurante. Unha delas atopa e garda unha moa que caeu na súa sopa tailandesa. Intercalada entre as escenas, está inserida a Fábula da Cigarra (que non gardaba nada no verán) e pídelle á Formiga que lle dea de comer.

## REPARTIMENTO:

**Fernando González, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Fran Lareu e Fina Calleja**

## EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Ánxeles Cuña Bóveda  
**Adaptación:** Catuxa Lopez Pato  
**Escenografía:** Iris Branco  
**Deseño Son:** Renata Codda Fons  
**Deseño Iluminación:** Laura Iturralde  
**Vestuario:** Ruth D. Pereira  
**Música:** Vadzim Yuknevich  
**Coreografía:** Rut Balbís

**DURACIÓN ESTIMADA:**  
**70 minutos (sen intermedio)**

## ENTRADAS:

**Tarifa B**



# ME LLAMO SULEIMÁN

De Antonio Lozano

Produción de unahoramentos producciones SL en coprodución co Ayuntamiento de Agüimes Universe SL

Esta adaptación teatral da novela homónima escrita por Antonio Lozano conta a historia de Suleimán, un neno que farto da terrible situación de pobreza que vive no seu país, Malí, decide marcharse xunto ao seu amigo Musa á próspera Europa. Alí esperan traballar e conseguir suficiente diñeiro para regresar e montar os seus propios negocios para axudar ás súas familias, pero a viaxe é dura e difícil. Deberán cruzar o deserto



en camiións incómodos e atestados de expatriados que como eles buscan unha vida mellor. Chegarán ata a fronteira con Melilla, pero alí o cruzamento do enreixado complicarase. Con todo, Suleimán non se dará por vencido e volverá tentar a viaxe, esta vez por mar. En escena Isabel, unha compañeira de clase de Suleimán, é a encargada, xunto co traballo de animación audiovisual de Juan Carlos Cruz e baixo a dirección de Mario Vega, de narrar esta historia, que non é outra que a da viaxe que é capaz de emprender un neno co único fin de alcanzar os seus soños...

## REPARTIMENTO:

**Marta Viera**

## EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Director:** Mario Vega  
**Deseñadores audiovisuais:** Juan Carlos Cruz e Mariano Romero

**Animadores:** María Dolores Abujas y Elvis Pedro Nsue

**Deseño de luces:** Tomás Charte  
**Dirección de arte:** Elena Gonca  
**Música de:** Salif Keita  
**Produción executiva:** Pedro Carballido  
**Social Media, Web e RRSS:** Yudi Acosta  
**Comunicación e Prensa:** María Díaz  
**Deseño Gráfico:** unahoramentos

**Fotografía:** Tere Ruano  
**Asistencia en construción de escenografías:** Raquel Santana e Pepe Juan Medina

**DURACIÓN ESTIMADA:**  
**75 minutos (sen intermedio)**

## ENTRADAS:

**Tarifa A**



## TERCEIRO ACTO

De Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez, a partir de improvisacións co elenco

Produción do Centro Dramático Galego

Unha *troupe* de actrices e actores veteranos reúnese clandestinamente pola noite para emprenderen a que quizais sexa a súa última aventura xuntos. Nesta noite revivirán o que non volverá para entender, para modificar, para se reconciliaren co que xa non está, ao tempo que reflexionan sobre o terceiro acto das súas vidas. Xuntos, analizarán o seu legado e proxectaranse tamén no futuro incerto para falar sobre a vellez, a morte, os seus anhelos e desexos para esta nova etapa da vida. *Terceiro acto* é unha peza á vez cómica, sombría e fermosa. Un poema escénico sobre a memoria e os soños; un exorcismo, unha celebración da vida e do teatro.

### REPARTIMENTO:

**Belén Constenla, Roberto Leal, Fernando Morán, Mabel Rivera e Eduardo R. Cunha “Tatán”**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección e dramaturxia:** Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez

**Escenografía:** Marta Pazos

**Vestuario:** Yaiza Pinillos

**Iluminación:** Miguel Ruz Velasco

**Espazo sonoro:** Hugo Torres

**Coreografía:** Amaya Galeote

**Asistencia de dirección:** Laura Míguez

**Asistencia de escenografía:** Carmen Triñanes

**Asistencia de produción:** Xandre Vázquez

**Escenografía e utilería:** Equipo técnico do CDG

**Vestuario:** Equipo técnico do CDG

**Máscaras:** Beatriz Nieto

**Fotografías e vídeos:** Miramemira

**Deseño gráfico:** Trisquelia

**Coordinación e corrección de textos:** Rosa Moledo

### DURACIÓN ESTIMADA:

**90 minutos (sen intermedio)**

### ENTRADAS:

**Tarifa B**



## EL TESTAMENTO

De Ramón Molins

Produción de Zum Zum teatro coproducido coa Fira Mediterrània de Manresa

Quedan convocados para a apertura deste peculiar testamento en vida e vital; de recordos, raíces e identidades universais. Campo, barrio e mapa do tesouro. Un home que adora aos musicais canta desafinado cun ollo de cristal. Compromiso pola sinxeleza e a verdade, a verdade da boa, a verdade do teatro. Quen queira herdar que salve ao mundo. Sede benvidos.

**ESPECTÁCULO CON AFORO REDUCIDO. DOUS PASES NO MEMSO DÍA.**

### REPARTIMENTO:

**Ramon Molins**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dramaturxia e dirección:** Izaskun Fernández, Julián Sáenz López (Cia El Patio), Ramón Molins e Jokin Oregi

**Comisariado escénico:** Margarida Troguet

**Espacio escénico:** Joan Pena, Carles Pijoan e La Baldufa

**Fotografía:** David Del Val

**Equipo de produción:** Txell Burguès, Pili Espada, Begonya Ferrer e Maria Gallardo

**Coa colaboración de:** Teatre Municipal

l'Escorxador de Lleida, Teatre La Unió de Alpicat e da Asociación Projecte&Gar do barrio de Magraners, Lleida

**Unha produción co apoio do ICEC**

### DURACIÓN ESTIMADA:

**55 minutos (sen intermedio)**

### ENTRADAS:

**Tarifa Única**



## THE MINISTRY OF UNRESOLVED FEELINGS (OSLO - NORUEGA)

Texto en inglés con traducción simultánea a través de locución sonora

**Danza - teatro**

Jo Strømngren Kompani

A quen recorres se só es capaz de chorar cando non queres, se te enfadas cos botes de lixo ou se o pan dáche ataques de pánico? *The Ministry of Unresolved Feelings* (*O Ministerio dos Sentimentos Non Resoltos*) ten escaso orzamento, pero unha importante misión: os seus traballadores sociais son responsables de resolver problemas que ningunha outra axencia pode solucionar. Unha deliciosa mestura de humor absurdo e conmovedora solemnidade é o selo distintivo do coreógrafo noruegués Jo Strømngren. Nun momento apenas nos atrevemos a mirar, e ao seguinte estamos nun arrebato de risa. *The Ministry of Unresolved Feelings* foi creada para GöteborgsOperans Danskompani en 2019 e gozou dun enorme éxito. Aínda que foi pensada para adolescentes e adultos novos, foi aclamada por persoas de todas as idades.

### REPARTIMENTO:

**Henriette Hamli, Jakub Mędrzycki, Nora vendsgård, Mikael Rønne, Iannes Bryulant**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Coreografía, texto e deseño de escenario,**

**iluminación e sonido:** Jo Strømngren

**Deseño de vestiario:** Bregje van Balen

**Fotos:** Tilo Stengel

**Coproducción:** Göteborgs Operans Danskompani

**Música:** Nina Simone, Pyotr Chaikovski, Anton Karas, Francisco Tarrega, Gaston Ouvrard, Domenico Scarlatti, Haukur Morthens, Janusz Gniatkowski, Sepultura, Georges Bizet, Lill Lindfors e Camille Saint-Saëns

**Representante:** Ysarca Arts Promotion

### DURACIÓN ESTIMADA:

**55 minutos**

### ENTRADAS:

**Tarifa A do TRC Danza (12,00€+ descontos)**

**SEN NUMERAR**



## PRIMA FACIE

**De Suzie Miller**

Unha produción de Producciones Abu, Morris Gilbert – Mejor Teatro, Gosua, Teatro Picadero, TIDI, Hause-Richman Producciones e Producciones Teatrales Contemporaneas

Tessa é un pura sangue. Unha nova e brillante avogada á que lle encanta gañar. Conseguiu labrarse un camiño desde as súas orixes, na clase traballadora, ata chegar ao máis alto da súa profesión, defendendo, interrogando e iluminando as sombras da dúbida en calquera caso. Un acontecemento inesperado obrígaa a enfrontarse ás liñas que separan o poder patriarcal da lei, a carga da proba e a moral.

### REPARTIMENTO:

**Victoria Luengo**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección:** Juan Carlos Fisher

**Tradución:** Juan Carlos Fisher e Rómulo Assereto

**Música e espazo sonoro:** Luis Miguel Cobo

**Iluminación:** Ion Anibal López

**Escenografía e vestiario:** Lua Quiroga Paul

**Axudante de dirección:** Rómulo Assereto

**Videoescena:** Emilio Valenzuela

**Comunicación:** Ángel Galán

**Fotografía e deseño gráfico:** Javier Naval

**Xefe de produción:** Carlos Montalvo

**Produción executiva:** Olvido Orovio

**Dirección de produción:** Ana Jelín

### DURACIÓN ESTIMADA:

**95 minutos (sen intermedio)**

### ENTRADAS:

**Tarifa E**



## ENTREGA EN MAN

De Martin McDonagh, versión de Cándido Pazó

Producción de Contraproducións e Focus en coprodución coa Mostra internacional de teatro cómico e festivo de Cangas



Unha cotrosa habitación dun hotel cutre nunha pequena cidade americana. Un tipo estraño ofrece unha recompensa por recuperar a man que lle cortaron hai 27 anos e que, desde entón, busca obsesivamente. Un mozo negro e a súa noiva branca queren enganar ofrecéndolle unha man que non é a súa. O peculiar recepcionista do hotel entrometese en tan insólita transacción e desátase...

### REPARTIMENTO:

**Evaristo Calvo, María Roja, Santi Romay e Diogo Sales**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección de escena:** Cándido Pazó

**Escenografía e atrezzo:** Pablo Giráldez "O Pastor"

**Vestuario:** Martina Cambeiro

**Iluminación:** Afonso Castro

**Música:** Guillermo Fernández

**Axudante de dirección:** Antonio Mourellos

**Dirección de produción:** Belén Pichel

### DURACIÓN ESTIMADA:

**90 minutos (sen intermedio)**

### ENTRADAS:

**Tarifa B**



## YERMA

De Federico García Lorca,  
adaptación de María Goiricelaya

Producción de La Dramática Errante

ELA é unha reputada artista bilbaína. O seu marido, un exitoso home de negocios. A súa irmá, unha muller atropelada pola vida. A súa nai esa persoa que nunca a abrazou... E o seu ex alguén con quen ser nai foi unha posibilidade. Este é o escenario dela, a nosa YERMA. Un escenario onde esta nova muller flúe como un como un tequila en Puerto Escondido, como un bhang lassi en Goa, como unha cervexa fría en Alexanderplatz.

Quizáis sexa un sacrilexio expor unha YERMA sen unha palabra de Lorca, pero esta contén as palabras de todas aquelas mulleres que hoxe se enfrontan á imposibilidade de ter descendencia. Porque son moitas, aínda que ninguén fale delas.

E son como ELA: mulleres exitosas nos seus traballos que cean en restaurantes de moda, viaxan a países exóticos, desmelenanse en festivais, teñen un Iphone e círculos sociais envexables. ELA; mulleres normais, independentes, coas súas parellas, o seu aparente empoderamento, os seus soños e un único desexo non concedido: o da maternidade. A súa versión feminista nunca lle deixou exporse que a partir de certa idade era difícil concibir e agora... a presión non para de crecer e ELA quere algo que nunca quixo, algo que expón un conflito biolóxico e emocional ineludible. Iso é esta YERMA. Esa muller onde o natural e o belo se vólve obsesivo e doloroso. Esa muller onde o DESEXO é capaz de levar por diante o AMOR.

### REPARTIMENTO:

**Ane Pikaza, Aitor Borobia, Loli Astoreka, Leire Orbe e Unai Izquierdo**

### EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:

**Dirección e dramaturxia:** María Goiricelaya

**Axudante de Dirección:** Eider Zaballa

**Asistencia de produción:** Beatriz Rodríguez

**Escenografía:** David alcorta

**Visuais:** Gheada Studios

**Vestuario:** Daniel F. Carrasco

**Deseño de iluminación:** David Alcorta

**Música:** Zabala

**Espazo sonoro:** Ibon Aguirre

**Produción:** Sala BBK

**Distribución:** Portal 71

### DURACIÓN ESTIMADA:

**100 minutos (sen intermedio)**

### ENTRADAS:

**Tarifa E**



## CONCERTO DE ALBERT PLA *¿OS ACORDÁIS?*

### *¿Os acordáis?*

*O mundo cambiou moito  
e cando digo que o mundo cambiou moito no o digo por decir  
digo en serio que de repente o mundo virou tolo  
moi tolo  
perdido  
¿os acordáis?  
foi todo tan repentino  
todas as cousas do mundo de pronto cambiaron de sitio  
¿os acordáis?  
todos estabamos perdidos  
ese día todos despertamos en países distintos  
paisaxes inauditos lugares remotos  
e qué insignificantes somos  
cambiaronos as cousas de sitio con nós dentro  
¿os acordáis?  
houbo confusión e histeria  
parecía mentira  
ninguén o comprendía...*

Invitámoste a ver ao artista máis polifacético, transgresor e sorprendente que deu este país. ¿Os acordáis? é o título dunha das últimas cancións. Músico, cantante, actor, escritor, paiaso, bufón... Pla é un deses exemplares únicos na súa especie cunha capacidade perpetua para conmover, remover e sorprender. Non deixa a ninguén indiferente. Nesta ocasión sube ao escenario so, en estado puro, con esa forza que ten para teatralizar as súas cancións e conseguir un espectáculo dunha poética inusual, devastadora e electrizante.

Cancións que contan historias trxicas e delirantes, cotidianas e sorprendentes, delicadas e brutais, crudas e surreais nas que o verdugo é tamén vítima, a calma transformase en tormenta, a comedia convive coa traxedia e a serenidade desemboca no desenfreno. Albert e Cultura, dous valores seguros.

#### **REPARTIMENTO:**

**Albert Pla**

#### **EQUIPO ARTÍSTICO/TÉCNICO:**

**Dirección, música e cancións:** Albert Pla

**Imáxes:** David Ruano

**Deseño gráfico:** Jordi Rins

**Producción:** Pedro Páramo

#### **DURACIÓN ESTIMADA:**

**90 minutos**

**(sen intermedio)**

#### **ENTRADAS:**

**Tarifa E**



## CICLO PRINCIPAL

OUTONO 2024

### HORARIOS:

Todas as funcións representaranse ás 20.30 h agás o espectáculo **El Testamento** que terá dous pases no mesmo día un ás 18:30 h e outro ás 20:30 h.

**Puntualidade:** unha vez que comece o espectáculo non se permitirá acceder á sala.

### ENTRADAS:

• Tarifa **FIN DEL MUNDO:**

25'00, 20'00, 15'00, 10'00 €

• Tarifa **ESPECIAL:**

21,50 €; 15,00 €; 13,00 €; 9,50 €

• Tarifa **A:** 18,00 €; 14,00 €; 11,00 €; 8,50 €

• Tarifa **B:** 14,00 €; 10,00 €; 8,00 €; 6,50 €

• Tarifa **ÚNICA:** 12:00 €

• Tarifa **visibilidade reducida** -butacas comprendidas entre a 37 e a 57 e a 36 e 56 en TERTULIA-: 5,00 €.

• Tarifa **mobilidade reducida:** establécese o prezo menor da tarifa correspondente ao espectáculo ou o 70% da tarifa cando esta é única.

### DESCUENTOS:

- Carnet Xove, maiores 65 anos, desempregados: -20%
  - Familias numerosas: - 25%
  - Grupos + 20 personas, en compra anticipada -50%
- Os descontos non son acumulables entre si.

### VENTA DE BILLETES:

- Despacho de billetes da praza de Ourense: de luns a venres, agás festivos, de 11:00 a 15:00 h e de 16:30 a 19:30 h
- Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro: aberto só os días de función, de 16:00 a 20:00 h
- WEB: [ataquilla.com](http://ataquilla.com). Servizo permanente 24 h.

### PAGOS:

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito.



@TeatroRosalía



@teatorosalíacastro



Teatro Rosalía Castro



Teatro Rosalía Castro



[www.coruna.es/cultura](http://www.coruna.es/cultura)

## CICLO PRINCIPAL

OUTONO 2024



### PARA OÍR MELLOR:

O **TRC** dispón dun sistema de auriculares a través dos que se pode recibir sinal amplificado do son. Tamén se ofrece o servizo de bucle magnético que permite facer chegar o sinal de audio correctamente ao audífono ou implante eliminando ruído de fondo.

Por razóns de hixiene, recomendamos traer os propios auriculares da casa.

Para máis información, preguntar ao persoal de sala.



Depósito legal: C 977-2024

# CICLO PRINCIPAL

OUTONO  
2024

---



ORGANIZA:

